

Good morning! Bo día!

Esta semana imos repasar o abecedario en inglés. The **ENGLISH ALPHABET** !

Imos utilizar este video para cantar e aprender o abecedario inglés.

<https://www.youtube.com/watch?v=nKYCy4ZNpU&list=PLvSxMABiVRukncAJGqffCkKXw0wfn2xC8&index=9> (The ABC song for children | Phonics | Alphabet song | The kiboomers)

O obxectivo é que aprendan o alfabeto, o son das letras e as palabras. Para iso, suxiro que se divida o traballo en varios días. Por exemplo, cada día da semana, 4 letras. Necesitardes folios, cartolinhas ou calquer tipo de papel no que poidamos escribir e pintar. Suxiro buscar un espazo nunha parede da casa para ir pegando o traballo e poder visualizalo cada día.

Cada dia escoitarán a canción varias veces, pausándoa cando sexa necesario para repetir e así aprendela de memoria, pouco a pouco.

Despois, no papel, debuxarán con cores a letra do alfabeto en grande, a palabra e o seu debuxo coloreado. Así, irán creando o seu **ALPHABET WORD WALL** (na foto vedes un exemplo, sacado de internet, non pretendemos que quede así de perfecto).



Como alternativa, se queredes ser más creativos, podedes utilizar palabras novas, ainda que non aparezan no vídeo, e así aprender novo vocabulario (recoméndanse palabras curtas e cun significado familiar).

Ademais utilizaremos esta **páxina web** (precisa activar adobe flash player), da Junta de Castilla y León para practicar contidos xa dados e coñecer outros novos:

https://www.educa.jcyl.es/educacyl/cm/gallery/Recursos%20Infinity/escritorio_infantil_english/escritorio.html

Podédelos deixar aos nenos indagar nela (15-20 min cada día). Nesta web atoparemos xogos e actividades interactivas con diversos contidos:



- Letters (letras, más práctica do abecedario).

- Numbers (números).
- Colours (cores).
- Body and face parts (partes do corpo e da cara).
- Songs, musical instruments and sounds (cancións, instrumentos musicais e sons).
- Seasons, weather and clothes (estacións, tempo atmosférico e roupa).
- English dictionary (vocabulario clasificado por temática).

Outros contidos transversais:

- Care for the environment (cuidado do medio ambiente). Consellos para coidar o medio ambiente, qué produtos obtemos da natureza, crear o noso propio "forest" (bosque), crear a nosa propia historia, reciclaxe, etc.

Recordade, podedes enviarme fotos do resultado dos traballos (weather cast da semana pasada ou alphabet wall ao correo ou consultar-me dúbihdas no correo:

teacherpatri2@gmail.com

Unha aperta enorme para tod@s!

Teacher Patri.